



## DECRETO DA ALCALDÍA

1.- Ante a publicación das Ordes da Consellería de Sanidade de data 21 de outubro de 2020, pola que se establecen as medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia e na comarca de Santiago, na que se recollen unha serie de restricións que afectan os locais de hostalería e restauración e facéndose eco das demandas da Asociación de Hostalería de Compostela trasladadas á Alcaldía sendo unha delas, a posibilidade de ocupar espazos destinados a aparcamento na vía pública.

Esta Alcaldía é consciente das consecuencias que estas restricións afectan o desenvolvemento das actividades de hostalería e restauración, para apoiar a este sector económico que está a padecer, de xeito especialmente preocupante, as consecuencias derivadas da crise sanitaria provocada pola propagación do virus COVID 19, que determina que moitos establecementos estean a piques de pechar; situación que afecta tamén a outros sectores vencellados ó desenvolvemento destas actividades, por elo propón a adopción dunhas medidas que permitirán a ocupación, baixo as condicións que de seguido se fan constar, de espazos na calzada destinados a estacionamento.

2.- A Ordenanza de Terrazas e Quioscos de Hostalería define as terrazas, no seu artigo 21.2 como instalacións formadas por mesas, cadeiras, antucas, toldos, xardineiras e outros elementos de mobiliario urbano móbiles e desmontables, que desenvolven a súa actividade de forma accesoria a un establecemento dos grupos I, II e III do artigo 42 da Ordenanza municipal reguladora da emisión e recepción de ruídos, vibracións e condicións de locais, ou de forma accesoria a un quiosco permanente. Estas instalacións poderán situarse no solo público ou no privado.

En canto as modalidades de ocupación do espazo público o artigo 16 da Ordenanza de Terrazas posibilita a instalación de terrazas en zonas da calzada da vía pública sempre que se cumpran os requisitos de seguridade esixibles e que non afecten á circulación rodada ou ao tráfico de peóns. No suposto de ocupar zonas de estacionamento, a distinto nivel da beirarrúa, colocaranse tarimas debidamente sinalizadas, que cumpran os requisitos de accesibilidade.

Estas ocupacións preservarán en todo caso as zonas de paso peonís


A Ordenanza contempla a posibilidade de denegación destes permisos nos supostos nos que, as características da rúa, do tráfico ou razóns de seguridade o aconsellen.

Por outra banda, a norma determina en canto á temporalidade da autorización, no seu artigo 6, que as terrazas poderán ser anuais ou de tempada e, no suposto de non solicitar a renuncia á autorización, a súa vixencia se prorrogará automaticamente nos mesmos termos nos que foi concedida.

3.- En base á lexitimidade que outorga o artigo 18 da Ordenanza, en canto á posible ocupación da calzada e a habilitación que, a Disposición Adicional Primeira da norma atribúe á Alcaldía para ditar disposicións ou instrucións necesarias para o desenvolvemento da mesma, á vista das consideracións que se fan constar nos primeiros parágrafos desta resolución,

### ACÓRDASE:

PRIMEIRO.- Autorizar de xeito excepcional, por mor das limitacións derivadas da emerxencia sanitaria e a situación de pandemia, ata como máximo o 5 de abril de 2021 ou con anterioridade, de levantarse as



## CONCELLO DE SANTIAGO

restricións derivadas desta situación epidemiolóxica, a ocupación de prazas de aparcamento na vía pública para instalación de terrazas de hostalería, coas condicións que de seguido se expoñen:

- As solicitudes serán presentadas e valoradas de xeito individual.
- As propostas serán informadas polos técnicos do Servizo de Mobilidade e Seguridade, co fin de valorar a súa afección á ordenación e seguridade da circulación viaria.
- Delimitarase o espazo con elementos de separación, estruturas de pechamento de carácter desmontable lixeiras e carentes de cimentación, debidamente sinalizadas, que cumpran os requisitos de accesibilidade.
- A ocupación se restrinxir a dúas prazas de aparcamento, como máximo, que poderán ser, no seu caso, prazas de aparcamento regulado.
- As prazas de aparcamento destinadas a carga e descarga soamente poderán ser utilizadas despois do horario destinado a tal fin.
- Non se permitirá a ocupación simultánea da beirarrúa e da calzada. A autorización de ocupación da calzada con terraza determinará a imposibilidade de ocupar con estas instalacións a beirarrúa que deberá quedar expedita para garantir o tránsito peonil sen atrancos, respectando as normas de distanciamento social.
- A vixencia das autorizacións que se concedan corresponderase co período de funcionamento autorizado segundo se determina neste acordo, sen posibilidade da renovación automática contemplada no artigo 6 da Ordenanza de Terrazas e Quioscos de Hostalería.
- As autorizacións poderán ser revocadas nos supostos e circunstancias recollidos no artigo 27 da Ordenanza de Terrazas, ademais de por razóns derivadas da ordenación e seguridade do tráfico.

SEGUNDO.- No suposto de que a terraza a instalar se leve a cabo en viario incluído no ámbito da Cidade Histórica (Plan Especial-1) os elementos de separación a instalar deberán contar co ditame favorable da Comisión Asesora do Patrimonio Histórico.

TERCEIRO.- O resto das condicións e circunstancias que afecten á ocupación e instalación destas terrazas se rexerá polas disposicións contidas na Ordenanza Municipal de Terrazas e Quioscos de Hostalería.

CUARTO.- En todo caso, cumpriranse Ordes da Consellería de Sanidade de 21 de outubro de 2020 e calquera outras que se diten no futuro para facer fronte á situación epidemiolóxica derivada do COVID 19.

CUARTO.- Tendo en conta que a ocupación de prazas de aparcamento pode afectar ás sometidas ó réxime de aparcamento regulado, de conformidade co establecido na Disposición Adicional Primeira da Ordenanza do Sistema de Regulación e Ordenación do Aparcamento O.R.A e Aparcamento de Residentes darase conta á Xunta de Goberno Local das modificacións operadas temporalmente no número e disposición destas prazas.

Santiago a 23 de outubro de 2020

O ALCALDE

Xosé A. Sánchez Bugallo.

